

21 adegas da D.O. Ribeira Sacra presentan 50 viños en Prowein

A **D.O. Ribeira Sacra** regresa por quinta ocasión e despois de facelo por última vez no 2019, á Feira de Düsseldorf que este ano se celebra do 15 ao 17 de maio. Faino a través do ICEX con caseta propia no pavillón de España (Pavillón 13, caseta C 90-11)

Despois de acudir a Vinexpo e Fenavin, **Prowein** é unha oportunidade excelente para promocionar e dar a coñecer os viños da Ribeira Sacra no mercado internacional, onde cada vez son máis demandados e valorados.

A D.O. Ribeira Sacra presenta nesta edición **50 viños, 8 viños brancos e 42 tintos**, ambos de diferentes anadas e variedades, pertencentes ás seguintes adegas:

1. Rectoral de Amandi SAU
2. Tolo do Xisto S.L.
3. Don Bernardino S.L.
4. Régoa C.B.
5. Marcos Fernández, Ramón
6. Regina Viarum S.L.
7. Rodríguez López, Víctor Manuel
8. Moure Fernández, Rubén
9. Verao Lópoz, Brais
10. Bodegas Petrón S.L.
11. Finca Míllara Bodegas y Viñedos S.R.L.
12. Grupo Peago S.L.
13. Adegas Saíñas C.B.
14. Terrazas de Outeiro S.L.
15. Ronsel do Sil
16. Pilares de Belesar S.L.U.
17. Adegas Ponte da Boga S.L.
18. Rodríguez González, José Manuel
19. Spanish Wine by Carlos Rodríguez S.L.
20. Alma das Donas S.L.U.
21. Dominio do Bibeí S.L.U.

A seguinte cita internacional para a D.O. Ribeira Sacra será a **London Wine Fair** que terá lugar do 7 ao 9 de xuño.

Próximas citas D.O. Ribeira Sacra

Este ano recuperábase a normalidade na axenda de Feiras do Viño da D.O. Ribeira Sacra. Despois de celebrar a Feira do Viño de Amandi, a de Quiroga e a de Vilachá de Salvador, os días **14 e 15 de maio** celébrase a **XXVII Mostra dos Viños da Ribeira Sacra de Pantón** e os días **3, 4 e 5 de xuño** terá lugar a **39 Feira do Viño de Chantada**, que tradicionalmente era a encargada de abrir o calendario de feiras e que nesta ocasión será a última en celebrarse.

Do 3 ao 5 de xuño a Ruta do Viño de Ribeira Sacra celebra xornadas de portas abertas con visitas a adegas, catas e degustacións, bus do viño e outras moitas propostas para en tres días achegarse a este territorio e aos seus viños. Contarase con descontos nos hoteis e servizos asociados á Ruta.